

EXERCICIOS LAICOS ■ Proxectarase o filme 'O celuloide oculto', de Epstein, ás seis en Políticas

Nova Escola Galega e Sine Nómíne pechan o ciclo de cine e historia

O cuarto ciclo de cine e historia organizado pola asociación de profesores de historia e filosofía Sine Nómíne coa colaboración de Nova Escola Galega chega hoxe á súa fin. Baixo o epígrafe 'O sexo inexistente', hoxe proxectarase o filme 'O celuloide oculto' (1995) de Robert Epstein, con relatorio a cargo de Nanina Santos, da Revista *Andaina*. Será no salón de actos da Facultade de Políticas da USC ás seis da tarde.

Baixo o título de 'Exercicios lai-

cos', Sine Nómíne e NEG convocaron dous centos de docentes galegos para ofrecerelles, a través de proxeccións de cine documental e histórico, unha ferramenta de aprendizaxe dinámica e aberta para tratar na aula a historia do presente cunha perspectiva crítica. O laicismo foi o fío condutor desta cuarta edición, que congregou arredor de 200 persoas. "Desde a sociedade civil e laica queremos debater a presenza da relixión na escola. Non negamos o

dereito da Igrexa a dar a súa opinión, pero cuestionamos a presenza da relixión confesional nas aulas e queremos que saia do currículo. Na escola, a educación; a catequese, na parroquia", indicou Merced González.

Este ciclo é a culminación da protesta iniciada en abril do 2008 contra o novo decreto de bacharelato, cun manifesto asinado por 1.000 persoas contra a "presenza dunha materia como relixión confesional" que "condiciona e obstaculiza a planificación do tempo lectivo". Sine Nómíne denuncia que esta materia en 2º de bacharelato implica unha hora menos de Historia e en 1º de Bacharelato supón menos horas para Educación Física, Filosofía e Ciudadanía, "por debaixo da súa viabilidade como materias educativamente útiles", e requiren que sexa a non obrigatoria de Relixión a que se adapte ás necesidades de horario das materias comúns. ● REDACCIÓN